

INVENTARIO ILUSTRADO DE INSECTOS

Texto de VIRGINIE ALADJIDI

Ilustracións de EMMANUELLE TCHOUKRIEL

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Encadernado en cartón. 21,5 x 30 cm. 48 páx. 17 €
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal) LER+

[Inventario ilustrado de insectos](#) (galego)
ISBN 978-84-15250-91-3. Fatoría K de Libros. Ciencias.

[Inventario ilustrado de insectos](#) (castelán)
ISBN 978-84-15250-90-6. Fatoría K de Libros. Ciencias.

[Inventari il·lustrat dels insectes](#) (català)
ISBN 978-84-15250-92-0. Fatoría K de Llibres. Ciències.

[Inventário ilustrado dos insetos](#) (português)
ISBN 978-989-749-054-5. Fatoría K de Livros. Ciência.

Os insectos apareceron na Terra hai catrocentos millóns de anos. Moito antes de apareceren os dinosauros, xa había libélulas xigantes a voar polos ceos hai trescentos cincuenta millóns de anos...

«Inventario ilustrado de insectos» reúne 65 especies de insectos de procedencia europea e do resto do mundo: coleópteros, lepidópteros, dípteros, himenópteros, isópteros...

Só os artrópodos xa representan máis do 80% dos animais que habitan no planeta. Os científicos, que teñen catalogado un millón de tipos de insectos, calculan que a cifra real está entre os cinco e os dez millóns de especies. Con todo, son criaturas moi útiles, posto que colaboran na polinización das flores e son o sustento doutras criaturas.

As ilustracións deste libro son de estilo científico, representadas coa precisión dos naturalistas nos cadernos de campo de antano: perfís feitos con rotulador e con tinta chinesa, e acuarelas que favorecen o xogo de cores e as transparencias.

Un libro atractivo non só pola vistosa representación gráfica dos insectos, senón polos contidos técnicos -asequibles e informativos- sobre a súa anatomía, hábitat, alimentación, curiosidades relacionadas coa captación dos sentidos e das imaxes, ou o desenvolvemento fisiolóxico dos que experimentan a metamorfose.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** catálogo de insectos que inclúe 65 especies de todo o mundo.
- **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.
- **Aspectos destacables:** ilustracións naturalistas con acuarela; contén vocabulario ilustrado; cada lámina presenta ilustracións, nome común, nome científico e descrición; división por especies; outros *Inventarios Ilustrados*: [froitas e verduras](#), [dinosaurios](#), [animais](#), [animais con cola](#), [mares](#), [aves](#), [flores](#), [árbores](#) e o compendio «[Bellezas de la naturaleza](#)»; outros libros: serie «[Animais extraordinarios](#)», serie «[Quen son?](#)» e colección «[Vitamina N](#)».

■ **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/inventario-de-insectos-g>

Virginie Aladjidi

Durante anos traballou en revistas xuvenís e editoriais. Actualmente dedícase a crear coleccións de libros e textos en colaboración con Caroline Pellissier.
<http://virginiealadjidi.blogspot.com>

Emmanuelle Tchoukriel

Estudou Artes Aplicadas e ampliou a súa formación no eido da comunicación visual antes de ingresar na Escola Estienne de París e de especializarse en ilustración médica e científica.
<http://tchouk-tchouk.blogspot.com>

